



RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DE ENSINO, CULTURA E MOCIDADE BASES REGULADORAS DO CONCURSO ESCOLAR DE DEBUXO POSTAL NADAL 2025

RESULTANDO que tradicionalmente o Concello de Tui edita unha felicitación de Nadal e coa finalidade de fomentar a expresión artística, a creatividade e a participación activa da poboación infantil tudense nas tradicións do Nadal, estima axeitado a convocatoria dun concurso entre os alumnos/as dos centros educativos do municipio para escoller a felicitación de Nadal do Concello de Tui para este ano 2025 logo da positiva experiencia da convocatoria dos anteriores anos.

RESULTANDO: Que para levar a cabo esta elección se redactaron por parte do Departamento de Ensino, Cultura e Mocidade as bases de participación no devandito concurso escolar de debuxo para a elección da postal de Nadal 2025 do Concello de Tui, cos seguintes premios:

- 3º premio un lote de material educativo e de pintura por valor de 40 euros
- 2º premio un lote de material educativo e de pintura por valor de 50 euros
- 1º premio un lote de material educativo e de pintura por valor de 100 euros. A obra gañadora do concurso será a postal do Nadal do Concello de Tui.

RESULTANDO: Que ao abeiro do establecido no artigo 10 do Regulamento da actividade de fomento do Concello de Tui, Bases Xerais Tipo reguladoras da concesión de subvencións do Concello de Tui e Bases de execución do orzamento 19ª, 55ª e demais aplicables, existindo crédito na aplicación orzamentaria 2025/1/334/48100/01 por importe de 190,00 € do orzamento2024, para proceder á concesión dos expresados premios

RESULTANDO o informe favorable as expresadas bases reguladoras emitido pola Intervención Municipal con data 17 de setembro de 2025.





RESULTANDO: Que ao abeiro do establecido nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, publicarase o extracto da convocatoria no BOPPO, cuxo texto completo poderá consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>). Ademais, o texto íntegro das presentes bases estará dispoñible no Taboleiro de Anuncios do Concello, así como na súa páxina web (www.tui.gal).

En consecuencia, de conformidade coas atribucións que me confire o Decreto da Alcaldía de Tui de 23 de xaneiro de 2024 de delegación de competencias consonte á Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, e en uso das facultades que me confire a lexislación vixente

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar as seguintes bases de participación que rexerán o concurso de debuxo escolar entre os alumnos/as dos centros educativos do municipio para escoller a felicitación de Nadal do Concello de Tui para o ano 2025, así como a correspondente convocatoria;

BASES REGULADORAS DO CONCURSO ESCOLAR DE DEBUXO POSTAL NADAL 2025

A Concellería de Ensino, Cultura e Mocidade do Concello de Tui convoca, nunha nova oportunidade, un concurso de debuxo escolar de postais de felicitación de Nadal coa finalidade de escoller a felicitación oficial do Concello de Tui e, paralelamente, fomentar a expresión artística, a creatividade e a participación activa da poboación infantil tudense nas tradicións do Nadal.

1.- Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto a regulación, a participación e concesión de premios no concurso de debuxo escolar para a elección da Postal do Nadal do Concello de Tui para o ano 2025.

2.-Aplicación orzamentaria





Os gastos inherentes ao presente certame por un total de 190,00 euros se imputarán á partida orzamentaria 2025/1/334/48100/01.

3. Concorrenza competitiva

Os premios inherentes a este certame se concederán en réxime de concorrenza competitiva, previo estudio e valoración por parte do xurado.

4.- Temática

A temática deste concurso de debuxo escolar é “O NADAL EN TUI”. O que se pretende é que os nenos e nenas dos centros educativos do noso municipio, expresen a través dun debuxo o significado do Nadal e os valores asociados. Será obrigatorio nesta edición que a imaxe e temática teña relación coa catedral de Tui que celebra os 800 anos da súa consagración.

5.- Participantes

Poderán participar todos os nenos e nenas matriculados en Educación Primaria nos centros educativos radicados no municipio de Tui, tanto públicos coma concertados. Cada participante presentará un único traballo. Os alumnos/as interesados en participar entregarán os seus debuxos no seu respectivo centro escolar. A participación no concurso supón que os/as nenos/as participantes deberá contar coa autorización expresa do seu pai /nai ou titor legal, que actuará como representante do menor. Cada centro escollerá as doce mellores postais que serán as que envíen á Concellería de Ensino, Cultura e Mocidade do Concello de Tui para presentar ao xurado deste concurso de debuxo infantil.

6.- Condición dos traballos

O contido da postal debe ser orixinal e inédita. A técnica é libre, coa única condición de non presentar relevés, nin purpurinas ou outro material similar para facilitar a súa reprodución impresa

7.- Tamaño.

O tamaño das postais non excederá o tamaño A5 (148 × 210 mm). O cumprimento desta base, terá carácter rigoroso e excluínte.

8.- Prazo.





O prazo de presentación de obras finalizará o día 21 de novembro de 2025 ás catorce horas.

9.- Lugar de entrega.

A entrega das obras participantes efectuarase no Rexistro da Casa do Concello de Tui (Praza do Concello, 1 – 36700 Tui) ou na Biblioteca Pública Municipal (Rúa Colón, 2 – 36700 Tui).

10.- Identificación.

Nas obras non aparecerá nin o nome, nin a firma do autor, debendo consignarse estes datos (nome do autor e idade) ao dorso xunto ao curso e centro escolar.

11.- Exposición.

Cos carteis presentados ao concurso e que cumpran as bases, o Concello reservarase a posibilidade de efectuar as exposicións públicas que estime convenientes

12.- Premios.

Se establecen os seguintes premios:

- 3º premio un lote de material educativo e de pintura por valor de 40 euros
- 2º premio un lote de material educativo e de pintura por valor de 50 euros
- 1º premio un lote de material educativo e de pintura por valor de 100 euros.

A obra gañadora do concurso será a postal do Nadal do Concello de Tui. O Concello de Tui adquire a postal gañadora e o/a autor/a premiado/a e os seus representantes legais outorgan, pola mera participación no concurso, ao Concello de Tui a propiedade en exclusiva de todos os dereitos económicos de propiedade intelectual inherentes á obra premiada. O Concello de Tui poderá libremente proceder a calquera forma de explotación da postal como a reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación durante o prazo sinalado polo artigo 26 do Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, tendo dereito a expresar a obra por calquera medio ou soporte tanxible, ou intanxible, comprendendo, todas e cada unha das modalidades de explotación,





Excmo. Concello de Tui

incluíndose os dereitos de reprodución en calquera soporte ou formato, así como os dereitos de distribución e comunicación pública da obra, para a súa explotación comercial en todo o mundo. Queda expresamente incluída a emisión e transmisión on-line da obra e a súa posta a disposición a través das redes dixitais interactivas, tipo Internet. Igualmente o Concello poderá explotar a postal reproducido sobre calquera soporte de merchandising, ben directamente ou ben autorizando a un terceiro a explotación.

Igualmente o Concello de Tui queda facultado para introducir aquelas modificacións que resulten precisas na postal que resulte gañador para a súa edición e impresión.

O Concello de Tui mencionará sempre ao/a autor/a da postal gañadora salvo que se solicite expresamente permanecer no anonimato.

Os premiados/as quedan obrigado a asistir ao acto de entrega do premio se así lle fora requirido polo Concello de Tui.

13.- Xurado.

O Xurado será designado por Resolución da Concelleira de Ensino, Cultura e Mocidade quen, no seu día, fará pública a composición do mesmo. O Xurado poderá declarar deserto este concurso. Previamente, por persoal do Concello, se revisará o cumprimento das bases rexeitando todos aqueles carteis que non cumpran coas condicións establecidas nas presentes bases.

O xurado terá en conta unha serie de ítems á hora de valorar cada creación, cunha puntuación ata 50 puntos:

- Calidade técnica (ata 10 puntos)
- Carácter orixinal e innovador (ata 15 puntos)
- Capacidade para transmitir o significado do Nadal (ata 10 puntos)
- Inclusión dunha referencia á Tui e as súas tradicións de Nadal (ata 10 puntos)
- Facilitade de aplicación aos distintos soportes: papel, on-line, etc. (ata 5 puntos)

O Xurado estará composto por persoal corporativo, técnicos expertos e/ou afeccionados de prestixio na materia, designados pola Concellería de Ensino e Cultura, entre persoas do ámbito cultural ou entre aquelas que exerzan a súa profesión en temas relacionados coa educación, comunicación, arte, deseño, fotografía, etc.





Excmo. Concello de Tui

A presidencia honorífica de Xurado ostentaraa o Sr. Alcalde ou persoa en quen delegue. No Xurado haberá un Secretario, con voz pero sen voto, e polo menos, un número de vogais non inferior a tres e procurarase a igualdade de xéneros na súa composición.

O fallo do Xurado deberá considerarse inapelable. Os membros do xurado non poderán ser familiares dos concursantes nin estar comprendidos en causa de recusación dos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Xurado elevará o seu fallo á Concellería de Ensino, Cultura e Mocidade que llo comunicará ao órgano municipal competente, neste caso a Xunta de Goberno Local, para a súa aprobación definitiva.

14.- Publicación de premiados.

O fallo do concurso farase público de acordo co artigo 40 e 41 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP). Dado que se trata de actos integrantes dun procedemento de concorrência competitiva, a práctica da notificación efectuarase, de conformidade co disposto no apartado b) do artigo 45 LPACAP mediante o seu anuncio no Taboleiro de edictos e páxina web municipal.

15.- Normativa reguladora

En todo o non previsto polas presentes Bases reguladoras serán de aplicación as seguintes normas:

- a) Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- b) Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeneral de Subvencións.
- c) Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

16.- Protección de datos.

En cumprimento da normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, os datos persoais que se faciliten, serán utilizados con fines de comunicación e en ningún caso serán utilizados con outra finalidade distinta á indicada nas presentes bases. O Concello de Tui é o responsable do tratamento dos datos aos efectos do previsto na Lei Orgánica 3/2008, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais.

17.- Aceptación.





Excmo. Concello de Tui

A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases e a conformidade coas decisións de Xurado. A organización resérvase o dereito a introducir, se o cre conveniente, as modificacións necesarias para o bo funcionamento do concurso.

18.- Norma final:

En todos aqueles aspectos que non se encontren expresamente contemplados nas presentes bases o xurado queda facultado para a súa resolución, así como respecto de todas as cuestións que poidan suscitarse no desenvolvemento do concurso, incluídas as reclamacións que puideran xurdir en relación co premio concedido.

Segundo.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2025/1/334/48100/01

Terceiro.- Ordenar a súa inserción na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de intervención e tesouraría e ao Pleno na primeira sesión que se celebre

Mándao e asinao a concelleira de ensino, cultura e mocidade, Sonsoles Vicente Solla

O secretario (asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018)

Documento asinado dixitalmente á marxe.

